

RAÍZ DE CRISANTEMO

Nos mesmos días en que se daba a coñecer a noticia de que *Epicentro* figuraba entre os poemarios finalistas do Premio Nacional de Poesía, chegaba a nós unha nova entrega de Manuel Álvarez Torneiro. Trátase esta volta de *Setembro Stradivarius*, un canto saudoso propio do “*ser desasistido*” en que se converte o eu poético cando debe asumir o poder implacable do tempo sobre o seu entorno e sobre el mesmo. De novo atopamos neste volume, fermosamente editado por Tambo como xa vén sendo habitual nesta colección, a presenza dos *leitmotiv* principais do poeta: a infancia como espacio sempre recorrente -“*A memoria camiña. Leva un neno da man./ Leva unha orixe nunca superada./ Leva unha cifra de futuro rota*”-, a constante reflexión sobre a natureza do léxico -“*Pronuncio crisantemo./ Digo agora resina, eternidade,/ salgueiro, adolescencia*”- e a música que se expande polo texto como o lamento dun violín no *adagio*, como Mozart ou Bach a pulsar as cordas máis sensitivas dun setembro que se nos presenta pleno de vida xusto no momento de adoptar as vestimentas propias do oráculo. Aquel que, implacable no seu xesto de dor, anuncia a chegada próxima do inverno e da morte.

Contra este funesto anticipo, o ser só pode empuñar unhas armas débiles e inadecuadas para a difícil tarefa de resistir: as palabras. E así, cando “*todo xogou a ser equinoccio perpetuo*”, aseguran a permanencia dunha voz que se apaga mentres os versos se iluminan cunha luz case cenital que deixa amplas zonas en penumbra. Ou perfúmanse coa presenza da rosa, os rododendros, as glicinas... sempre en harmónica simboloxía que, desde a súa ambivalencia, nos deixan un regusto agri doce por seren efémeras malia vivirmos neses días de setembro a época do seu esplendor. Eis o dobre gume que empuña o outono, pois a man que nos fire de beleza tamén é a que asesta o golpe certo e mortal. Con todo, o eu atopa na natureza que o circunda un espello, un ámbito paralelo que habitar nos momentos de melancolía e co que experimenta unha simbiose moi fonda cando ambos os dous enfrontan o devalo das horas: “*acolle o bosque e narra o seu silencio, / as augas verticais, a fin da tarde*”. Consciente da súa perda, “*dalgũa forma son tamén o que me falta*”, o ser fai reconto dos seus dons e espálalos polos poemas que compoñen este libro, un volume que se debe ler xusto no momento en que “*Setembro chama agora ás portas dos sentidos:/ violín puntual na mudanza da tarde,/ a fondura do tempo en celeiros de sílex,/ benéfica memoria de millo e alquitara*”. É dicir, no instante exacto en que mordemos “*a raíz que alimenta o crisantemo branco*” para entrar no misterio de setembro, no eco *in lontano* dun violín a dar as horas inéditas do inverno.

TERESA SEARA

Tempos Novos, 88, setembro 2004, p. 74